

Queridas familias:

Hoxe tócanos pedirvos axuda.

Os colexios CEIP AMARO REFOJO e CEIP PRINCESA DE ESPAÑA, de Verín, e o CEIP BIBEI de Viana, unidos na A.D. Monterrei, queremos propoñervos unha acción solidaria, chamada

"CON V DE VALENCIA"

A iniciativa céntrase na **recadación de fondos** en favor das familias damnificadas pola **DANA** na Comunidade Valenciana. A catástrofe acontecida esixe do esforzo da nosa comunidade educativa (mestres, alumnado e familias), e non debemos manternos alleos ao **movemento solidario** xurdido no noso país.

Valores como a xenerosidade, a solidariedade, a empatía, o traballo en equipo, a colaboración desinteresada... en definitiva a **BONDADE**, deben ser o día a día do Ensino Público, e nós, como mestres, queremos dar exemplo e creemos que é o momento de traballar eses valores e cualidades.

Nestes días tan difíciles para a Comunidade Valenciana, é tempo de ser solidarios e xenerosos, aínda que esteamos a centos de quilómetros de distancia.

Nos vindeiros días, daremos saída a esta iniciativa, co obxectivo de conseguir a maior cantidade posible de cartos para Valencia.

Poderedes sumarvos a esta iniciativa e colaborar con nós:

- 1) Coa axuda do noso alumnado **voluntario** poremos nas rúas PETOS MÓBILES, tratando de recadar fondos entre as familias, veciñanza, establecementos, empresas, institucións...
- 2) As familias que queiran que os seus fillos/as participen desta acción solidaria, deben comunicalo por ABALAR aos titores/as do alumno/a.
- 3) Dende o colexio organizaremos quendas para que todo o alumnado que o desexe poida levar a hucha.

Non fai falta poñer moitos cartos, pero se cada quen de nós aporta o seu gran de area, estamos seguros de que o esforzo merecerá a pena.

A TOTALIDADE DOS CARTOS RECADADOS SERÁ ENTREGADA E INGRESADA NA CONTA OFICIAL DA CRUZ VERMELLA A BENEFICIO DE VALENCIA

"ALUMNAT VALENT: ES MOMENT DE SER GENEROSOS I SOLIDARIS. UNIM ELS NOSTRES ESFORÇOS, UN POCO DE CADASCUN ES UN MOLT DE TOTS. HOI PER ELLS, DEMÀ QUI SAP"

Moitas grazas por colaborar con nós.

A.D. MONTERREI (CEIP AMARO REFOJO-CEIP BIBEI-CEIP PRINCESA DE ESPAÑA)



CEIP BIBEI



Cruz Vermella

